

## **DECLARACIÓN CONXUNTA DAS ORGANIZACIÓNS PATRONAIS E SINDICAIS MÁIS REPRESENTATIVAS DO SECTOR DOS CENTROS DE ASISTENCIA E EDUCACIÓN INFANTIL.**

As organizacións patronais: ACADE, CECEI, EyG, CECE, FCIC, SALVEM 0-3, e as organizacións sindicais: CCOO, FeSP-UXT, FSIE e USO, integrantes da Mesa Negociadora do XII Convenio Colectivo de Ámbito Estatal de Centros de Asistencia e Educación Infantil, en representación do sector, manifestan que:

Os Centros de Asistencia e Educación Infantil Privados da etapa 0-3 anos, como veñen anunciando desde xuño, atópanse nunha situación crítica debido á irrupción da pandemia ocasionada polo virus COVID-19. Ao mesmo tempo, miles de traballadoras desta etapa educativa, están a sufrir de maneira directa as consecuencias da devandita situación, poñendo á etapa do 0-3 anos como o elo máis débil e máis desprotexido de todo o sistema educativo español.

Con anterioridade a esta crise sanitaria, este sector xa se atopaba padecendo unha forte crise ocasionada por moitos aspectos: desde a aparición de competencia desleal de centros autorizados e non autorizados pero que invaden ilícitamente o espazo da educación infantil e aos que máis abaixo nos referiremos, até o máis que preocupante descenso da natalidade no noso país. Esta pandemia, así, non fixo máis que potenciar a gravidade desta situación, pois, ao non tratarse dunha etapa educativa obrigatoria, as medidas de conciliación, así como o medo ao propio virus (é importante resaltar que os Centros Privados de Educación Infantil son centros seguros, que cumpren con todos os protocolos hixiénicos-sanitarios, tal e como mostran os datos de Educación e Sanidade, o que garante a seguridade de todo o seu persoal e alumnado), propiciaron un descenso das matriculacións que vai desde o 40% até máis do 80%.

Cabe lembrar que antes do inicio desta crise sanitaria, existían no noso país máis de 5.100 centros que albergaban a máis de 250.000 alumnos e alumnas, e que empregaban a máis de 50.000 profesionais, a maioría mulleres cunha titulación superior. Esta situación está a derivar no peche constante de centros, superándose na actualidade o 10% desde o inicio da pandemia, coa conseguinte perda de emprego que iso conleva. Así mesmo, o Real Decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, de medidas sociais en defensa do emprego, tampouco tivo en conta os CNAE correspondentes a este tipo de educación, deixando fóra das exoneracións nas cotas empresariais da Seguridade Social a este sector. Esta cuestión é dunha extrema importancia, pois non é comprensible que se teñan en conta soamente criterios económicos en canto ao PIB (cuestión relevante para fixar os CNAE afectados) e se faga caso omiso da dramática situación doutros sectores, que, como os Centros Privados de Educación Infantil, realizan un importantísimo labor educativo e social, e que ademais, favorece a conciliación da vida familiar e laboral.

Merece unha mención especial a competencia desleal que se leva exercendo durante moitos anos por parte das chamadas “nais de día”, ludotecas e outros establecementos que, ao amparo dunha licenza municipal de actividade, actúan e publicítanse como centros educativos, sen contar coa autorización da administración educativa competente. Esta situación lévase poñendo en coñecemento das Comunidades Autónomas e dos Concellos desde hai máis de 8 anos, sen que ditas administracións tomen medidas a respecto diso.

Así mesmo, as organizacións asinantes desta declaración queren expresar igualmente a súa preocupación e oposición ante o proxecto de gravar co Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) os servizos que prestan os centros de educación infantil. A aplicación do IVE a este sector educativo, exento até o momento, en plena crise económica derivada da pandemia, supoñería un encarecemento inasumible deste servizo para as familias, o que na práctica comportaría a desaparición dos centros, e a conseguinte destrución de emprego. Por todo o anterior, as organizacións máis representativas deste sector, formado principalmente por autónomos, micropemes e pemes, cunha limitada capacidade económico-financeira, solicitamos, de forma urxente, a aplicación de actuacións por parte da administración pública que garantan a viabilidade dos centros educativos e o mantemento do emprego na base do sector educativo, de vital importancia no desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual de quen conformará a sociedade do mañá, así como a paralización da posible iniciativa de gravar co IVE este sector educativo.

Neste sentido, é fundamental a implementación de axudas económicas extraordinarias que eviten o peche dos centros de educación infantil privados. Desde as organizacións empresariais e sindicais que ostentan o 100% da representatividade deste sector, queremos advertir das gravísimas consecuencias que tería a desaparición dun sector educativo, e a consecuente perda de empresas e postos de traballo, na súa maioría feminino, novo e cualificado.

Asinado,

ACADE, CECEI, EyG, CECE, FCIC, SALVEM 0-3, CCOO, FeSP-UXT, FSIE e USO.